



Memoria sobre a formación de persoal da USC

(conformada polo Consello Asesor da Formación o 05/03/2025)

CENTRO DE FORMACIÓN DE PERSOAL
centro.formacion@usc.gal

Contidos

Limiar

Programa de Acolida p. 4

Programa de Desenvolvemento e Perfeccionamento Profesional p. 7

- A. Formación para o Persoal docente e investigador p. 7
 - 1. Visión xeral p. 7
 - 2. A formación por áreas p. 10
 - 3. Valoración das accións formativas p. 11
 - 4. Custo p. 15
- B. Formación para o Persoal investigador p. 20
- C. Formación para o Persoal Técnico de Xestión, Administración e Servizos p. 23
 - 1. Visión xeral p. 23
 - 2. A formación por áreas p. 24
 - 3. A formación da EGAP p. 27
 - 4. Valoración das accións formativas p. 30
 - 5. Custo p. 34

Programa de Dirección e Liderado p. 40

Programa de Estabilización e Promoción p. 46

Programa de Innovación p. 48

Programa de Teletraballo p. 50

Anexo 1. Resumos cuantitativos p. 52

Anexo 2. Detalles dos cursos de formación de PDI-PI p. 54

Anexo 3. Detalles dos cursos de formación de PTXAS p. 60

Limiar

En 2022 producíase un cambio importante no que respecta á formación de persoal na nosa universidade, coa posta en marcha en setembro do Centro de Formación, axuntando a formación de PDI, PI e PTXAS; non é menor o cambio habido o ano seguinte: O 8 de marzo de 2023 aprobábase na Mesa Xeral de Negociación a Estratexia de Formación de Persoal, un documento para a racionalización e a mellora da organización, a xestión e a comunicación da política formativa para o persoal da USC, que responde ás liñas marcadas en diversos documentos estratéxicos da USC, como a Programación Plurianual 2023-2026 e as liñas xerais dos orzamentos anuais.

A Estratexia de Formación:

- Establece de xeito transparente as liñas estratéxicas e os obxectivos da política de formación de persoal da USC, ligándoas coas restantes políticas da USC.
- Estrutura a formación en áreas temáticas, programas e itinerarios.
- Introduce as competencias como elemento fundamental no deseño das actividades formativas.
- Caracteriza as actividades formativas en canto a perfís de usuario, tipoloxía, modalidade de impartición e recoñecemento.
- Organiza as actividades formativas en plans.
- Asegura mecanismos para o seguimento e a avaliación da formación en todos os seus niveis.

Formulouse un plan de formación para PTXAS para o ano 2023 baseado, por unha banda, nas propostas de xefaturas de unidades e servizos e de directores/as das diversas áreas da Xerencia. As propostas, un total de 136, recolléronse a través dun formulario. Por outra banda, tamén estaba tentaba responder ás liñas xerais do orzamento de 2023 e ás necesidades motivadas polos cambios e reestruturacións en servizos, normativa, procedementos etc., así como polas novas incorporacións, traslados, estabilización etc. de persoal. Este plan de formación estruturouse arredor das áreas temáticas establecidas na Estratexia.

En relación á formación do PDI, establecéronse as seguintes prioridades:

- Desenvolver un programa formativo de acollida para o profesorado axudante doutor durante o primeiro ano de contrato (mandato LOSU, art. 78b).
- Desenvolver formación sobre ciencia aberta, en colaboración coa Biblioteca (mandato LOSU, art. 12.7).
- Desenvolver o itinerario formativo sobre linguas coa colaboración do SNL e do CLM (mandato da LOSU, arts. 20-23-37)
- Desenvolver o itinerario formativo de transformación dixital da docencia con visión estratéxica
 - Adaptado ás necesidades do profesorado das titulacións oficiais e propias virtuais e híbridas, con especial empeño na transferencia ao posto, tendo en conta a aprobación do Regulamento das titulacións virtuais e híbridas.
 - Pensado para contribuír á execución do proxecto xOC no marco da convocatoria UNIDIGITAL do Ministerio de Universidades.

Xa que logo, 2023 foi un ano de inicio da transición cara a outro modelo de planificación e organización da formación cuxo eixo principal foi a Estratexia de Formación.

A Estratexia, porén, non puido implementarse en 2023 na xestión da formación. Por unha banda, xa comezaran os cursos de 2023, polo que cambiar a codificación (un cambio menor, pero moi visible) para adaptala á Estratexia introduciría incoherencias. Por outra banda, nin a base de datos que soporta o rexistro de formación de PTXAS nin as interfaces de XesCampus que terman da xestión da formación de PDI-PI estaban adaptadas ás novidades que introduce a Estratexia. Ademais, cómpre lembrar que o obxectivo marcado era unificar o sistema de xestión, para o cal en decembro de 2022 comezamos un proceso formativo e de probas co módulo de formación da aplicación de recursos humanos Universitas XXI. Tras un parón nos primeiros meses, retomáronse con forza os traballos en abril e en outubro tomouse a decisión de non adherirnos a este módulo debido á incerteza que causaba inmadurez da nova versión que Universitas XXI estaba implementando. Polo tanto, houbo que cambiar de plans e pensar na adaptación das ferramentas con que contabamos. O uso da base de datos de PTXAS puido actualizarse en xaneiro de 2024 e o de XesCampus, en setembro de 2024 (e non completamente), no inicio do novo curso académico.

O que si se puido facer foi reformular as fichas das actividades, para recoller toda a información posible e que quede gravada nos repositorios de formación, como por exemplo, as competencias, as áreas temáticas (en paralelo coas vellas de PAS), os itinerarios...

Nesta memoria expónse a información e datos sobre formación de 2023 de acordo cos programas establecidos na Estratexia de Formación 2023-2026 que realmente se puxeron en marcha ou se desenvolveron en 2023:

- Programa de Acollida
- Programa de Desenvolvemento e Perfeccionamento Profesional
- Programa de Dirección
- Programa de Innovación
- Programa de Estabilización e Promoción
- Programa de Teletraballo

PROGRAMA DE ACOLLIDA

En 2023 estreouse o programa de formación de acollida coa convocatoria do I Programa de formación de acollida e formación docente inicial para o novo PDI da USC, publicada no taboleiro da Sede Electrónica o 14 de setembro.

O programa responde tanto ao establecido na Estratexia de Formación 2023-2026 como no art. 6.4 da Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario, que establece a obriga de que “as profesoras/es axudantes doutoras/es realicen, no primeiro ano de contrato, un curso de formación docente inicial cuxas características serán establecidas polas universidades, de acordo coas súas unidades responsables da formación e innovación docente do profesorado, para o desenvolvemento da súa capacidade docente”.

O programa de acollida diríxese, logo, ao profesorado axudante doutor que fora contratado pola USC dende a entrada en vigor da LOSU, cos obxectivos de

- Desenvolver as súas capacidades e competencias docentes.
- Facilitar a súa integración na USC.
- Dar a coñecer os principios e valores públicos da USC.

Para o deseño do programa académico e a selección do profesorado, que se detallan ao final do capítulo, constouse co asesoramento da decana da Facultade de Ciencias da Educación.

O programa ten unha carga lectiva global de 126 horas. Permítese a exención de cursos sempre que se acredite a formación correspondente, ata un máximo de 1/3 do programa. Desenvolveuse ao longo do curso académico 2023-2024, entre outubro e xuño.

Consta de cursos de autoformación a través da Aula Virtual da USC e de cursos presenciais, tanto en Santiago de Compostela (con dúas edicións) como en Lugo.

Trátase dun programa de aptitude, o cal dá dereito ao correspondente diploma. Para superalo cómpre a superación dun número de cursos equivalente a, como mínimo, o 75% das 126 horas do programa (94,5 horas), e o 75% das 74 horas de formación en competencias docentes (55 horas). A superación de cada curso dá tamén dereito a cadanseu diploma.

Xestionouse a matrícula de 48 persoas, das cales renunciaron 8. Das 40 restantes, 31 corresponden ao Campus de Santiago e 9 ao de Lugo. Tamén se xestionaron 79 solicitudes de exención de cursos formuladas por 16 persoas.

Os resultados deste I Programa, así como das correspondentes enquisas de satisfacción, presentaranse no informe de formación de 2024, xa que foi en xuño deste ano cando rematou o programa. Polo mesmo motivo, non se presentan aquí os importes correspondentes.

Táboa 1. Programa académico e profesorado do I Programa de Formación de Acollda de PDI

FORMACIÓN EN COMPETENCIAS TRANSVERSAIS	HORAS	DOCENTES	MODALIDADE
Formación básica en planificación e procedementos da docencia. POD, PDA, guías docentes...	2	Elena Sieiro (Unidade de Xestión da Fac. de Económicas)	AUTOFORMACIÓN
Sensibilización en materia de igualdade	2	Quirón virtual	AUTOFORMACIÓN
A atención á diversidade na USC	2	Javier Agrafojo Fernández (SEPIU)	AUTOFORMACIÓN
Formación básica en prevención de riscos laborais para PDI	2	Juan Oreiro (SPRL)	AUTOFORMACIÓN
Formación básica en organización e goberno da USC	2	Andrea Garrido	AUTOFORMACIÓN
Formación básica en dereitos e deberes do PDI	2	Alba Nogueira	AUTOFORMACIÓN
Servizos e xestións na USC	2	Romina García Chas	AUTOFORMACIÓN
Nocións básicas para o uso do Campus Virtual	10	Alejandro Nieto Lareo (CV)	AUTOFORMACIÓN
Nocións básicas de Microsoft Office 365 para o uso na USC	10	Luis Martinez Sobrino (ATIC)	AUTOFORMACIÓN
Técnicas de expresión oral e xestual: aplicación no ámbito académico	10	María López Sandez, Rosalía Fernández Rial	PRESENCIAL
Dereitos de autoría, propiedade intelectual e ciencia aberta na docencia universitaria	4	Carlos Gómez Otero	AUTOFORMACIÓN
Formación básica en protección de datos na docencia universitaria	4	José Julio Fernández Rodríguez	AUTOFORMACIÓN
Total de horas en formación transversal	52		
FORMACIÓN EN COMPETENCIAS DOCENTES			
A docencia no modelo universitario de ensino-aprendizaxe	2	Miguel A. Zabalza	PRESENCIAL
Interacción profesorado-alumnado, clave para unha boa aprendizaxe	12	Elena Fernández Rey	PRESENCIAL

Estratexias de avaliación na docencia universitaria*	12	Esther Vila, Fernando Fraga	PRESENCIAL
Introdución ás metodoloxías innovadoras na educación universitaria	12	Igor Mella, Isabel Dans, Ana Vázquez, Alexandre Sotelino	PRESENCIAL
Como deseñar actividades de aprendizaxe	12	Iris Estévez, Alba Souto Seijo, Julia M. Crespo Comesaña	PRESENCIAL
A acción titorial como función docente na USC	12	Rebeca G. Murias, Miguel A. Nogueira Pérez	PRESENCIAL
Planificación docente: das memorias dos plans de estudos ao programa	12	Cristina Varela Portela	PRESENCIAL
Total de horas en formación en competencias docentes	74		

PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO E PERFECCIONAMENTO PROFESIONAL

A. FORMACIÓN PARA O PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR

1. Visión xeral

O 31 de decembro de 2023 había na USC¹ un total de 2.185 membros do persoal docente e investigador (PDI), dos cales 1.756 correspondían ao Campus de Santiago de Compostela e 429 ao de Lugo, 1.202 eran homes e 983, mulleres.

Para este persoal planificáronse e organizáronse desde o Centro de Formación de Persoal 70 accións formativas en 2023, 43 no primeiro semestre (xaneiro-xuño), e 27 no segundo (setembro-décembro). Destas actividades, 13 formaban parte do I Programa de acollida e formación docente inicial, ao cal nos referiremos polo miúdo máis adiante, e as 57 restantes, ao Programa de formación e innovación docente (PFID)², que ofrecía un total de 1.504 prazas e supoñía 877 horas de formación. Para as actividades do PFID recibíronse 3.104 solicitudes e atendéronse 1.421. Emitíronse 1.144 diplomas de aptitude e a taxa de abandono foi case do 20%.

Táboa 2. Actividades formativas do CFP para o PDI. Ano 2023

Concepto	Número	Porcentaxes e outras observacións
Actividades convocadas	57	

¹ Datos tirados de USC en cifras

<https://app.powerbi.com/view?r=eyJrIjojNDZiY2JhOWMtNGY2Ni00NjVjLTkxYTQtZjZDU2MmZkOWYzliwidCI6IjhmMGQ0NTJjLWl3YTQtNDk2NC1iODEwLThjMzk3Mzc0NDc3YiIsImMiOiJh9>

² Como xa se indicou, decidiuse non aplicar a Estratexia de Formación aprobada en marzo na clasificación por áreas e itinerarios, ou a codificación ata o novo ano natural 2024.

Horas	872	
Efectivos do PDI	2.185	
Prazas ofertadas	1.504	68,83% sobre o total do PDI
Solicitudes recibidas	3.104	206,38% sobre o total de prazas ofertadas 1,42 solicitudes por docente
Solicitudes admitidas	1.421	45,77% sobre o total de solicitudes recibidas
Diplomas emitidos	1.144	80,51% sobre o total de admitidos/as
Abandonos	277	19,49% sobre o total de admitidos/as

A maioría das actividades formativas realizáronse en liña: un total de 36 cursos seguiron esta modalidade, cun total de 932 prazas. Presencialmente desenvolvéronse 18 actividades en Santiago de Compostela e 3 en Lugo, ofrecendo 337 prazas en Compostela e 135 en Lugo, o que supón unha cobertura do 19,19% sobre o total do PDI de Santiago e do 31,46% en Lugo. Ademais, catro actividades responderon á modalidade mixta (Teams-SCQ), con 100 prazas.

Por outra banda, co gallo de responder á necesidade de acreditar formación específica e urxente³ para manter as capacitacións do PDI para traballar con animais de experimentación, o CFP organizou unha oferta formativa coa Universidad Miguel Hernández, de xeito que o profesorado interesado puidese seguir os “Nanocursos”, dos cales realizaron un total de 26 cursos. Dos 89 PDI solicitantes iniciais e matriculados, foron 60 os que obtiveron un total de 752 diplomas.

Ademais da formación para o PDI planificada e organizada primeiro polo PFID e logo polo CFP, os propios centros docentes e de investigación, departamentos e grupos de investigación e innovación poden realizar e financiar actividades formativas *ad hoc* para o seu persoal co recoñecemento do CFP, cunha serie de requisitos. Este recoñecemento implica para o CFP un traballo de asesoramento, supervisión, control e seguimento sobre as solicitudes e memorias das actividades formativas dos centros e grupos, así como a emisión dos correspondentes diplomas.

En 2023 foron 26 as actividades formativas recoñecidas e, xa que logo, sometidas polo CFP a seguimento e control, as cales contaban con 295 horas de formación e 411 prazas en total, ás que foron admitidos 180 PDI. Como resultado, o CFP emitiu 160 diplomas de aptitude ás persoas que os realizaron.

³ O CFP recibiu a petición por parte do Decanato de Bioloxía en decembro de 2022 e o prazo para acreditar a formación e solicitar a renovación remataba en abril de 2023. Polo medio, houbo que pescudar que profesorado necesitaba realizala e de que xeito, asesoralos sobre a realización dos cursos e ocuparse do seguimento dos seus cursos para a xestión das certificacións.

Táboa 3. Actividades formativas para o PDI recoñecidas polo CFP. Ano 2023

Concepto	Número
Actividades convocadas	14
Horas	144
Prazas ofertadas	194
Solicitudes admitidas	180
Diplomas emitidos	160

Por outra banda, a USC mantén un convenio de colaboración coa Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, para a realización de actividades de formación permanente do profesorado, tanto universitario como non universitario⁴ (incluídas as actividades de verán). Este convenio implica a tramitación da addenda anual, a convocatoria, o asesoramento e a comprobación de solicitudes, comunicacións... e, de novo, un labor de seguimento e control das actividades, así como unha dobre tramitación dos correspondentes diplomas de aptitude (interna e na Xunta). A maiores, comporta entrar nunha aplicación da Xunta de Galicia (fprofe) co certificado dixital persoal para inscribir os docentes da Consellaría en cada actividade (que non poderá ser menor do 70% do conxunto das persoas matriculadas), así como resolver todas as posibles incidencias que se producen. Cómpre aclarar, ademais, que non existe ningunha ferramenta de control e seguimento, alén dun excel, e que a elaboración dos diplomas lles corresponde aos responsables das actividades, que os envían ao CFP para que proceda a subilos a <fprofe>, antes do cal cómpre un intenso labor de control.

En 2023 foron 21 as solicitudes recibidas que ofrecían un total de 805 prazas. As actividades das cales o CFP ten constancia do seu remate e puido xestionar diante da Consellaría foron 7 que produciron como resultado a emisión de 477 diplomas.

Táboa 4. Actividades formativas ao abeiro do convenio coa Consellaría de Educación. Ano 2023

	Solicitadas	Rematadas
Actividades	21 (8 cursos de verán)	7
Prazas ofertas	805	477

Finalmente, en relación coa acreditación da formación de PDI, o CFP emite os diplomas de docencia universitaria (DDU), a pedimento do profesorado. Estes diplomas certifican a realización de 100 horas de formación e son moi apreciados polo PDI polo seu valor para diversos recoñecementos. En 2023 emitíronse

⁴ Pódese consultar en: <https://www.usc.gal/gl/servizos/ceta/formacion/profesorado-non-universitario/index.html>

66 Diplomas en Docencia Universitaria.

Polo tanto, o PFID-CFP emitiu un total de 2.599 diplomas en 2023.

Táboa 5. Diplomas para PDI emitidos polo CFP. Ano 2023

Tipo de diplomas	Núm. diplomas emitidos
Diplomas de actividades do plan de formación	1.144
Diplomas de actividades recoñecidas	160
Diplomas de actividades do convenio coa Consellaría	477
Diplomas de docencia universitaria	66
Diplomas de Nanocursos	752
Total	2.599

Cómpre coñecer que a xestión da formación do PDI (agás o relacionado coas actividades ao abeiro co convenio coa Consellaría) realízase a través dun módulo de XesCampus. Iso facilita tanto a matrícula como que cada docente pode ver na Secretaría Virtual un resumo estatístico da súa situación e unha táboa resumo con todos os cursos (Código e nome) nos que se inscribiu coa indicación de se estivo matriculado (Seleccionado), se asistiu (Diploma asistencia) e o número de horas de cada curso. Porén, a emisión de diplomas só se ve facilitada pola creación dun arquivo pdf único para cada curso -profesorado e alumnado- que cómpre dividir manualmente en tantos arquivos como docentes e asistentes ao curso, renomealos, poñer no Portasinaturas e envialos individualmente por correo electrónico.

2. A formación por áreas

Resumimos na seguinte táboa as actividades en función da área formativa a que fan referencia. O detalle dos cursos amósase no Anexo.

Táboa 6. Actividades formativas por áreas. Ano 2023

	Núm. actividades	Núm. horas	Núm. prazas	Solicitudes	Matrículas	Saldo	Diplomas
Desenvolvemento profesional	5	56	192	281	180	-89	122
Desenvolvemento profesional en investigación	3	45	45	66	38	-21	34
Ensino e aprendizaxe	13	201	300	719	290	-419	254

Igualdade	5	38	145	253	146	-108	117
Normalización lingüística	6	96	122	270	127	-148	101
Prevenção de riscos laborais	3	13	122	173	122	-51	103
TIC	21	305	513	1296	483	-783	389

Destaca a gran demanda de formación no eido das TIC, especialmente nos cursos que teñen que ver coa creación de contidos e con ferramentas específicas do Campus Virtual, e no de ensino-aprendizaxe, sobranceiramente nos cursos de metodoloxías didácticas e de ferramentas de creación de contidos.

Cómpre subliñar a posta en marcha dunha oferta específica e integral, prioritaria para o PDI de titulacións híbridas e virtuais, de acordo co Regulamento das modalidades híbrida e virtual nas titulacións de grao e mestrado, aprobado no Consello de Goberno do 23 de febreiro de 2023, a cal comprende tres cursos que abranguen as necesarias perspectivas pedagóxica, de ferramentas básicas corporativas e de creación de contidos:

- Obradoiro básico para a planificación da formación virtual
- Curso básico en ferramentas de apoio á docencia híbrida e virtual: Campus Virtual e Microsoft 365
- Curso básico en ferramentas de creación de contidos

3. Valoración dos usuarios e usuarias sobre as accións formativas

A avaliación das nosas accións formativas debe ter en conta as valoracións e opinións das persoas asistentes sobre diversos aspectos dos cursos, os cales se formulan en enquisas en liña que se lles achegan unha vez rematadas as actividades. A participación media nos cuestionarios correspondentes a 2023 foi do 42,9% das persoas participantes nos cursos do CFP e do 37,7% das actividades con recoñecemento do CFP organizadas por centros docentes e de investigación.

a) Valoración das actividades formativas programadas polo CFP


As enquisas ofrecen a posibilidade de valorar diversos aspectos dos cursos nunha escala numérica de 1 a 5 puntos. As valoracións sitúanse moi maioritariamente entre 4,5 e 5; resulta moi destacable que a porcentaxe de persoas que escollen este rango é sempre superior ao 62% e que para algúns ítems, a escolla do máximo valor 5 é verdadeiramente notable, aínda que aquí non o reflectamos nas gráficas.

Con todo, tamén cómpre fixarse e analizar os casos da puntuacións máis baixas, xa que a Estratexia de Formación 2023-2026 establece que “as actividades formativas deberán alcanzar unha puntuación mínima en canto á satisfacción global por parte do seu alumnado de 7 puntos sobre 10; por debaixo desta puntuación o CFP comprométese a revisar o deseño desa actividade”. Dado que a escala destas enquisas é de 1 a 5, a puntuación mínima por debaixo da cal cómpre revisar a actividade é de 3,5.

A seguir presentamos as valoracións numéricas ordenadas en bloques temáticos.


En xeral, a planificación e a organización das actividades resulta ben valorada. Aparecen puntuacións menores de 3,5 en aspectos relacionados cos horarios etc., que son dificilmente solucionables para que queden ao gusto de todos, pero tamén relativos á información previa sobre as actividades. Trátase dunha opinión sobre o curso PFID.22ea-07, Innovación educativa e Aprendizaxe-Servizo: A Saúde Comunitaria baseada en Activos como campo de boas prácticas e proxectos, cuxa información previa un 2,8% dos asistentes (unha persoa) puntúa con 2,57 sobre 5.

Gráfica 1. Valoración da organización da formación por dos ítems. Datos en porcentaxes de respostas



Os elementos didácticos tamén resultan moi ben valorados, destacando especialmente o referido á claridade nas explicacións do docente. Con todo, para todos os ítems sempre hai unha pequena porcentaxe de asistentes -sempre menor do 4,5%- que os puntúan con menos de 3,5. Se cadra, o máis subliñable é o 4,2% que opina que os contidos do curso non foron axeitados para as súas necesidades formativas. O modelo de enquisas non nos permite coñecer as causas desta inadaptación.

Gráfica 2. Valoración de elementos didácticos. Datos en porcentaxes de respostas




En canto á duración dos cursos, de xeito moi maioritario os asistentes coidan que é correcta. Destacan só dous cursos en que a porcentaxe de persoas que opinan que foi demasiado curto é elevada: un 42,86% das respostas no caso de PFID.22ea-07 A Metodoloxía do Enfoque de Marco Lóxico_EML_aplicada aos proxectos de Cooperación Internacional ao Desenvolvemento presentados polas Universidades Galegas, con 24 horas de duración, e un 38,46% no caso de PFID.22oix-03 Afondando no “Protocolo de acoso sexual e acoso por razón de sexo, orientación sexual e identidade de xénero na USC”: achegamento, análise e reflexión, de 6 horas.

Os datos amosan a satisfacción en xeral do PDI cos cursos, pois un 95,9% dos asistentes os puntúan con valores superiores a 3,5 sobre 5. Só en tres casos a valoración non chega a ese límite: nos cursos PFID.22snl-02, PFID.22spr-02 e PFID.22tic-19, Obradoiro de xestión do multilingüismo nas aulas (que nas anteriores edicións do curso 21-22 obtiveran unha valoración media de 4,71 e 4,75), Educación da voz (a través do Campus Virtual Quirón) e Trucos e boas prácticas na elaboración de documentos dixitais (que imparte profesorado do CIXUG e que nas dúas edicións do curso 21-22 obtivera unha valoración de 5) a valoración media é de 3, 3,24 e 3,33 respectivamente.

Esta percepción satisfactoria xeneralizada corrobórase, en xeral, cos resultados da pregunta “En xeral, recomendaríaslle a outros/as compañeiros/as que se matriculasen neste curso?”, pois a resposta afirmativa no 100% das enquisas dos cursos é maioritaria. Só en oito cursos hai algunha resposta negativa, que representa entre o 11 e o 17% das respostas, dependendo da actividade. Resulta incongruente que o curso “menos recomendado” sexa PFID.22dpi-01 Organización de eventos científicos en liña a través de Microsoft Teams, que case o 17% dos participantes non recomendaría, cando a satisfacción media é de 4,50.

Máis curiosa resulta a valoración media sobre a percepción que amosa o PDI sobre a posibilidade de aplicar o aprendido no traballo docente, a máis baixa de todos os ítems. Só o 62,5% dos asistentes –a porcentaxe máis baixa de todos os ítems- valoran 4,5 ou máis esta posibilidade e un 33,3% valórana entre 3,5 e 4,5.

Gráfica 3. Valoración da aplicabilidade e da satisfacción por ítems. Datos en porcentaxes de respostas



b) Valoración das actividades formativas programadas polos centros e grupos, e recoñecidas polo CFP (FAR)


Para todos os ítems da enquisa, as valoracións numéricas sitúanse maioritariamente entre 4,5 e 5, e en boa parte das ocasións, directamente en 5. E só nun ítem se dá o caso de valoracións por debaixo de 3,5, na pregunta “O/A docente fomentou a participación activa do alumnado”: unha valoración media de 2, referida a un dos

12 docentes que participaron no curso PFID_DPP.23far-04, XV Xornadas CIFEX: Gendered Innovation.


En xeral, as valoracións dos cursos a demanda son mellores cás dos cursos do Plan de Formación, o que seguramente ten que ver coa formación máis específica e orientada á consecución de obxectivos máis ligados aos seus propios intereses, e a unha organización orientada ao colectivo que vai participar nas actividades.

A seguir presentamos as valoracións numéricas ordenadas en bloques temáticos.

Gráfica 5. Valoración da organización da formación por dos ítems. Datos en porcentaxes de respostas




Gráfica 6. Valoración de elementos didácticos. Datos en porcentaxes de respostas



De novo é a pregunta sobre a aplicabilidade do aprendido no curso ao traballo docente a que esperta menor grao de acordo (un 77,8%), aínda que por riba do obtido nos cursos do Plan de Formación.

Gráfica 7. Valoración da aplicabilidade e da satisfacción por ítems. Datos en porcentaxes de respostas



4. Custo das actividades formativas

Non se trata de custo en sentido contable e estrito pois só se ten en conta o aboamento da docencia e axudas de custo imprescindibles por traslado entre campus. Non se repercute ningún outro gasto.

A impartición de actividades formativas no marco do PFID retribúese en 2023 segundo os seguintes criterios:

- Impartición de docencia por hora síncrona: 65€/h
- Impartición de docencia por hora asíncrona: 45€/h

Con estas premisas, mostramos a relación de importes que supuxo cada actividade formativa. Cómpre aclarar que os cursos con custo cero corresponden a actividades compartidas con outras unidades ou servizos (OIX, SPIU...), que contan con financiamento externo por seren obxecto de convenios ou da prestación do servizo correspondente (Igualdade, CIXUG, Quirón...).

Táboa 7. Custo das actividades formativas para o PDI

CÓDIGO	TÍTULO DO CURSO	DOCENTES	TOTAL
DPP.23L-01	Dereitos e deberes lingüísticos na USC. O regulamento de usos lingüísticos	Manuel Bermúdez, Nuñez Singala	180€
DPP.23M-01	Como introducir os ODS na docencia universitaria	Silvana Longueira Matos, M ^a José Bautista-Cerro Ruíz, Iratxe Amiano Bonatxea	0€
DPP.23M-02	As rúbricas como instrumento de avaliación formativa na educación superior	Lorena Casal Otero	460€
DPP.23M-03	Aprendizaxe colaborativa na Universidade	Lorena Casal Otero	700€
DPP.23T-01	Obradoiro básico para a planificación da formación virtual	Dans Álvarez de Sotomayor, Souto Seijo Alba	1.220€

DPP.23T-02	Máxima: Software de Cálculo Simbólico e Álgebra Computacional	CIXUG	0€
DPP.23T-03	Diseño e creación de material didáctico interactivo con infografías en Genially	Parada Gandos, Carlos	610€
DPP.23T-04	Creación de contidos interactivos con H5P no Campus Virtual	Alejandro Nieto Lareo	195€
DPP.23T-05	Iniciación á intelixencia artificial	Senén Barro Ameneiro	130€
DPP.23T-06	Iniciación á intelixencia artificial	Senén Barro Ameneiro	130€
DPP.23T-07	Creación de cuestionarios no Campus Virtual	Nieto Lareo, Alejandro	195€
DPP.23X-01	Como xestionar situacións de risco psicolóxico do alumnado	Pilar Bárcena Daban, Sara Purcell Sobrino, Ana López Durán	610€
DPP.23X-02	Cambios de nome e de mención relativa ao sexo na USC	Alicia Villalba, Teresa Moure	550€
PFID.22dp-01	Protección de datos e a docencia universitaria	Jose Julio Fdez Rodríguez, Lorena Casal Otero	610€
PFID.22dp-02	Protección de datos e investigación	Jose Julio Fdez Rodríguez, Lorena Casal Otero	880€
PFID.22dp-03	Introdución ao podcasting de divulgación	Cibrán Tenreiro Uzal, Marta Pérez Pereiro	650€
PFID.22dp-04	Curso básico de formación anti-fraude	Garrido Juncal, Andrea	130€
PFID.22dp-05	Semana Galega da Cooperación Universitaria para o desenvolvemento	Agrafojo Fdez. Fco. Javier	0€
PFID.22dpi-04	Introdución á Estatística con R	Conde Amboage, Mercedes; Crujeiras Casais, Rosa	915€
PFID.22dpi-05	Ferramentas informáticas de análise de datos: SPSS (inicial)	Arce Fdez. Constantino	975€
PFID.22dpi-06	Ferramentas informáticas de análise de datos: SPSS (avanzado)	Arce Fdez. Constantino	975€
PFID.22ea-12	Tipoloxías e ferramentas para o deseño e creación de E-actividades	Pablo Muñoz	940€

PFID.22ea-13	As rúbricas como instrumento de avaliación formativa na educación superior	Lorena Casal	460€
PFID.22ea-14	Formación de acollida. Interacción profesorado-estudiante: clave para unha boa aprendizaxe	Eloína García Félix	660€
PFID.22ea-15	Formación de acollida. Estratexias de comunicación eficaz	Eloína García Félix	835€
PFID.22ea-16	Metodoloxía Flipped Classroom na Educación Superior	Ruíz Palmero Julio	795€
PFID.22ea-17	Formación de acollida. Como realizar unha avaliación orientada para a aprendizaxe?	Eloína García Félix	790€
PFID.22ea-18	Aprender a ensinar na aula: o uso do método do caso	Eloína García Félix	840€
PFID.22ea-19	A metodoloxía do Enfoque de Marco Lóxico EML	Agrafojo Fdez. Fco. Javier	0€
PFID.22ea-20	Formación de acollida. Estratexias para deseñar actividades de aprendizaxe	Cristina Rodríguez Monzonis, Eloína García Félix	660€
PFID.22oix-03	Afondando no "Protocolo de acoso sexual e acoso por razón de sexo, orientación sexual e identidade de xénero na USC": achegamento, análise e reflexións	Villar Varela, Milena	350€
PFID.22oix-04	Formación de acollida. Sensibilización en materia de igualdade	QUIRÓN	0€
PFID.22oix-05	A perspectiva de xénero como innovación docente	Teresa Moure, Encina Calvo, Eva Aguayo	570€
PFID.22oix-06	Xestión das nosas vidas. Conciliación na USC	Bárcena Dabán Pilar, Purcell Sobrino Sara	610€
PFID.22snl-01	Obradoiro de elaboración de unidades didácticas en galego (1ª)	Manuel Bermúdez, Barreira Cerqueiras Eva María, Blanco Valdés Juan, García Vidal Ángel	1.950€
PFID.22snl-02	Obradoiro de xestión do multilingüismo nas aulas (1º)	Manuel Bermúdez, Alba Nogueira	0 €
PFID.22snl-03	Galego seguro: solución de dúbidas na escrita	Manuel Bermúdez	1.020€
PFID.22snl-04	Dereitos e deberes lingüísticos na USC. O regulamento de usos lingüísticos	Manuel Bermúdez, Manuel Núñez Singala	240€

PFID.22snl-05	Obradoiro de elaboración de unidades didácticas en galego (2ª)	Manuel Bermúdez, Barreira Cerqueiras Eva María, Blanco Valdés Juan, García Vidal Ángel	0€
DPP.23L-01	Dereitos e deberes lingüísticos na USC. O regulamento de usos lingüísticos	Manuel Bermúdez, Manuel Núñez Singala	180€
PFID.22spr-01	Formación de acollida. Prevención de riscos laborais para PDI	Oreiro Formos,o Juan	0€
PFID.22spr-02	Educación da voz	Almudena	0€
PFID.22tic-13	Primeiros pasos con Microsoft Forms	Alejandro Nieto Lareo	130€
PFID.22tic-14	Creación de cuestionarios no Campus Virtual (1º)	Alejandro Nieto Lareo	195€
PFID.22tic-15	Avaliación de tarefas no Campus Virtual: uso de rúbricas e guías de avaliación (1º)	Alejandro Nieto Lareo	195€
PFID.22tic-16	Deseño e creación de material didáctico con infografías en Genially	Carlos Parada Gandos	610€
PFID.22tic-17	Creación e tratamento de imaxes e fotografías con GIMP	CIXUG	0€
PFID.22tic-18	Creación de Infografías e deseños vectoriais	CIXUG	0€
PFID.22tic-19	Trucos e boas prácticas na elaboración de documentos dixitais	CIXUG	0€
PFID.22tic-20	Curso básico en ferramentas de creación de contidos	Carlos Parada Gandos	1.240€
PFID.22tic-21	Curso básico en ferramentas de apoio á docencia virtual e híbrida	Alejandro Nieto Lareo	1.105€
PFID.22tic-22	Trucos e boas prácticas na elaboración de documentos dixitais	CIXUG	0€
PFID.22tic-23	LibreOffice Calc Avanzado	CIXUG	0€
PFID.22tic-24	Edición de vídeos para a Educación Superior	Galdo Álvarez, Santiago	570€
PFID.22tic-25	Edición de vídeos para a Educación Superior	Galdo Álvarez, Santiago	570€

PFID.22tic-26	Curso básico en ferramentas de creación de contidos	Carlos Parada Gandos	1.240€
PFID.22tic-27	Curso básico en ferramentas de apoio á docencia virtual e híbrida	Alejandro Nieto Lareo	1.105€

Aos **28.755€** que suman os ditos cursos, cómpre engadir o importe da formación en Nanocursos, da Universidad Miguel Hernández.

Nanocursos	89 solicitantes, 26 cursos realizados, 60 diplomas	6.388,80€
------------	--	------------------

Daquela, o monto total en formación do Programa de Desenvolvemento e Perfeccionamento de Persoal para o PDI ascendeu en 2023 a **35.143,8€**.

B. A FORMACIÓN PARA O PERSOAL INVESTIGADOR

O 7 de xaneiro de 2023 a USC contaba con 1.156 membros do Persoal Investigador (PI)⁵.

Tras iniciarse a experiencia o ano anterior, desde 2022 o Centro de Formación de Persoal ofreceu formación ao persoal investigador tanto a través da oferta dirixida ao PDI como da dirixida ao PAS. Trátase de cumprir os compromisos adquiridos para manter o selo HR Excellence in Research, que certifica o apoio á xeración dunhas condicións de traballo favorables e un ambiente motivador para o persoal investigador.

O PI pode asistir ás actividades formativas do PDI sempre que o seu contido corresponda ao seu perfil de desenvolvemento profesional, isto é, que non correspondan a adquisición de competencias docentes, para o cal se reserva o 20% das prazas da actividade. Ademais, tamén nalgún caso puideron incorporarse á oferta de Nanocursos realizada ao PDI. Énos imposible ofrecer neste momento datos anuais ou detallados relativos ao PI nas actividades de formación destinadas ao PDI-PI, pero si datos globais por curso académico: no curso 2023/2024, 287 investigadores asistiron a actividades de formación programadas para PDI-PI.

Ademais, o PI pode participar na oferta dirixida ao PTXAS en idénticas condicións ca estoutro persoal, polo que pode participar tanto da oferta do propio CFP, como da oferta formativa en linguas do Centro de Linguas Modernas (poden realizar un curso de idiomas neste centro con exención de pagamento) e tamén abeirarse na posibilidade de realizar formación externa, financiada polo CFP, cando se trate de formación necesaria para o posto e que o CFP non poida organizar.

En 2023 emitíronse 269 diplomas de asistencia ou aptitude a prol do PI enmarcados nos cursos de formación de PTXAS. Velaquí a participación deste persoal en actividades formativas do CFP, por áreas. Cómpre advertir que tamén están contabilizados no apartado correspondente á formación para o PAS.

Táboa 8. Participación do PI nas actividades de formación de PAS

TEMA	CÓDIGO	Título da actividade	DIPLOMAS
APOIO Á INVESTIGACIÓN	23FOAP76	Bioinformática e análise estatística de recursos obtidos de bases de datos ómicas	8
APOIO Á INVESTIGACIÓN	23FOAP52	Caracterización de materiais mediante microtomografía computerizada	3
APOIO Á INVESTIGACIÓN	23FOAP36	Curso práctico de realización da técnica de necropsia e toma de mostras en roedores e lagomorfos na vixilancia sanitaria dos animalarios	3
APOIO Á INVESTIGACIÓN	23FOAP42	Estudos de comportamento e probas de conduta en roedores e lagomorfos	10

⁵ <https://app.powerbi.com/view?r=eyJrIjoiNDZiY2JhOWMtNGY2Ni00NjVlTkxYTQZjZDU2MmZkOWYzIiwidCI6IjhmMGQ0NTJlLWI3YTQtNDk2NC1iODEwLTJhMzk3Mzc0NDc3YiIsImMiOiJh9>

APOIO Á INVESTIGACIÓN	23FOAP77	O peixe cebra: bioloxía, reprodución, mantemento e principais patoloxías	7
APOIO Á INVESTIGACIÓN	23FOAP60	Promoción, comercialización e contratación no eido da investigación	9
CALIDADE	23FOC056	A análise carne na norma iso 9001	3
COMUNICACIÓN	23FOCO18	Comunicación eficaz no teletraballo	27
COMUNICACIÓN	23FOCO45	Obradoiro sobre inclusión educativa e accesibilidade documental	1
DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE	23FODS33	A metodoloxía do enfoque de marco lóxico_EML_aplicada aos proxectos de cooperación internacional ao desenvolvemento presentados polas universidades galegas	8
DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE	23FODS63	Como introducir os ODS na xestión universitaria	2
DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE	23FODS31	Semana galega da cooperación universitaria para o desenvolvemento	4
ECONOMÍA	23FOE007	Curso básico de formación anti-fraude	20
ECONOMÍA	23FOE004	Curso básico en contratación pública na USC	1
ECONOMÍA	23FOE037	Introdución a Access e Excel orientado á área económica	1
INFORMÁTICA	23FOI021	Creación de infografías e deseños vectoriais	3
INFORMÁTICA	23FOI022	Creación e tratamento de imaxes e fotografías con Gimp	2
INFORMÁTICA	23FOI009	Curso de xestión de tarefas e plans de traballo en equipo con Microsoft 365	12
INFORMÁTICA	23FOI046	Ferramentas básicas de Office 365 para o traballo colaborativo	1
INFORMÁTICA	23FOI019	Seguridade da información	24
INFORMÁTICA	23FOI034	Trucos e boas prácticas na elaboración de documentos dixitais	1
INFORMÁTICA	23FOI062	Uso de Excel nas unidades de xestión de centros e departamentos	1
INFORMÁTICA	23FOI058	Xestión da web e da intranet de servizos	8
INFRAESTRUTURAS, URBANISMO E MANTEMENTO	23FOU070	Prestación das contratas de mantemento da USC (quenda de tarde)	2
INFRAESTRUTURAS, URBANISMO E MANTEMENTO	23FOU073	Protocolo de actuación ante incidencias de mantemento de infraestruturas (edificios, equipos electrónicos e de investigación)	10
LINGUA ESTRANXEIRA	24FOX001	Curso de inglés A1/A2 para a atención ao público	1

LINGUA ESTRANXEIRA	23FOX043	Curso de inglés nivel A1/A2 para a atención ao público	1
LINGUA GALEGA	23FOG005	Galego seguro: soluciona as túas dúbidas e erros máis comúns	6
NOVAS TECNOLOXÍAS	23FON064	Iniciación á intelixencia artificial	9
NOVAS TECNOLOXÍAS	23FON065	Iniciación á intelixencia artificial. Lugo	7
NOVAS TECNOLOXÍAS	23FON050	Protocolos de transmisión de vídeo e audio con NDI e Dante	1
NOVAS TECNOLOXÍAS	23FON001	Realidade virtual - realidade aumentada	1
PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS	23SPS059	Formación básica en prevención de riscos laborais	3
PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS	23SPS008	Formación de acollida en centros con certificación ISO 45001	16
PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS	23SPS051	Integración da prevención	7
PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS	23SPS010	Prevención de riscos no teletraballo	15
PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS	23SPS039	RCP básica e primeiros auxilios en traballos ao aire libre	1
PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS	23SPS040	Riscos laborais de hixiene industrial nos laboratorios	11
TÉCNICAS ADMINISTRATIVAS	23FOT020	Supervisar o traballo	2
XÉNERO E IGUALDADE	23FOM012	Sensibilización en materia de igualdade	13
Total			269

Con respecto á formación externa, financiose unha actividade:

Táboa 9. Formación externa do PI

ENTIDADE	TÍTULO DO CURSO	PI ASISTENTE	IMPORTE
ANIMALARIA FORMACIÓN Y GESTIÓN SL	Mantemento da capacitación en experimentación animal	1	450€

C. A FORMACIÓN PARA O PTXAS

1. Visión xeral

O 31 de decembro de 2023 había un total de 1.248 membros PTXAS na USC⁶:

- 530 homes e 718 mulleres
- 1064 no Campus de Santiago, 166 no Campus de Lugo e 18 adscritos aos dous campus
- 388 funcionarios de carreira, 264 funcionarios interinos, 350 laborais fixos, 37 laborais indefinidos e 204 laborais temporais
- 39 efectivos do grupo A1 do cadro de persoal funcionario, 101 de A2, 301 de C1 e 216 de C2; 113 efectivos do grupo I do persoal laboral, 35 do grupo II, 199 do III e 244 do grupo IV

As accións formativas convocadas e dirixidas ao Persoal Técnico de Xestión e de Administración e Servizos (PTXAS) da Universidade de Santiago de Compostela planifícanse atendendo ás necesidades formativas detectadas nas diferentes unidades ou servizos en que presta servizos o persoal, así como nas liñas e decisións estratéxicas que toma a propia Universidade, que requiren dunha resposta formativa para o seu persoal.

A diagnose de necesidades do ano 2023 realizouna o Centro de Formación de Persoal de xeito participativo a partir fundamentalmente das 137 propostas presentadas polas direccións de áreas e centros da Xerencia, as xefaturas de unidades e servizos e persoal en xeral, a través dun formulario electrónico *ad hoc*.

Dada a imposibilidade de realizar tal número de actividades formativas, tanto por cuestións orzamentarias como operativas, seguiu tanto un proceso de purga (de propostas similares, de actividades xa ofrecidas, etc.) e de consulta coas direccións e xefaturas de áreas, servizos e unidades, co fin de ter unha visión o máis global e equilibrada posible e contar cunha oferta formativa variada, diversa e adaptada a todas as necesidades. Así mesmo, priorizáronse e engadíronse outras actividades de acordo co mandato de mellora da xestión establecidas pola USC nos Orzamentos de 2023.

O 8 de marzo de 2023 aprobouse a Estratexia de Formación 2023-2026. Ademais de que a planificación da oferta formativa de 2023 xa estaba aliñada en gran medida coa Estratexia, na que se levaba tempo traballando, introducíronse as competencias esperadas nas accións formativas en cadansúa ficha. Porén, non se trasladou a outros aspectos da xestión (por exemplo, a clasificación por áreas e itinerarios, ou a codificación) dado que xa se levaba dous meses ofrecendo actividades formativas, polo que se decidiu agardar ao novo ano natural.

Para atender as necesidades de formación en idiomas estranxeiros do PTXAS, o Plan de Formación financiou a este colectivo os custos da matrícula nos cursos regulares do Centro de Linguas Modernas (CLM) nos campus de Santiago e Lugo.

Tamén se financiaron, con cargo á partida de accións formativas do PTXAS, as actividades de formación externa necesaria para o desempeño do posto de traballo na USC, segundo o estipulado tamén nos Orzamentos de 2023. Cómpre sinalar que xa durante este ano as ditas autorizacións de financiamento pasaron

⁶ Datos tirados do Portal de Transparencia da USC <<https://www.usc.gal/gl/portal-transparencia>>.

a ser decididas pola dirección do CFP e non pola Xerencia como ata entón.

Integráronse así mesmo no plan de formación da USC, os cursos que a Escola Galega de Administración Pública convocou dirixidos ao PAS das tres universidades galegas, aplicando un convenio asinado entre estas institucións, ao abeiro do cal se negocia cada ano unha oferta formativa concreta.

2. Actividades formativas para o PTXAS en 2023

Desde o Centro de Formación de Persoal planificouse e organizouse un total de 76 cursos para o PTXAS, algún deles de xeito conxunto tamén para o PDI e outros membros da comunidade universitaria. No primeiro semestre convocáronse 52 cursos e no segundo, 24. Os anteditos 76 cursos sumaban un total de 736 horas de formación. Ofertábanse 2.090 prazas en 75 dos cursos, ademais de que un deles era obrigatorio para todo o persoal.

En total, recibíronse 3.514 solicitudes, das cales puideron ser atendidas 1.924, o 54,7%. Outorgáronse 1.652 diplomas, dos cales 851 foron diplomas de asistencia e 801 de aptitude, o que supón que un 85,86% dos seleccionados remataron os respectivos cursos e que a taxa de abandono é do 14,14%. O número de persoas que participaron polo menos nunha das actividades formativas é de 903 (776 PTXAS e 127 PAI), o que supón un 72,35% do cadro de persoal.

Táboa 10. A formación de PTXAS no ano 2023 en cifras

Conceptos	2023
Actividades convocadas	76
Prazas ofertadas	2.090
Solicitudes recibidas	3.514
Solicitudes atendidas	1.924 (54,7%)
Diplomas emitidos	1.652 ⁷
Taxa de abandono	14,14%
Cursos no Campus de Santiago	41
Cursos no Campus de Lugo	9
Cursos en liña	25
Persoas participantes en, como mínimo, unha actividade formativa	903

⁷ Sen contar o curso obrigatorio para todo o persoal.

As actividades en que máis persoal quedou fóra (e máis solicitadas) son cursos de carácter xeneralista (Sensibilización en materia de igualdade, Dereitos e deberes lingüísticos, Ferramentas básicas de Office 365, Iniciación á Intelixencia Artificial, Trucos e boas prácticas na elaboración de documentos dixitais, Galego seguro, Estratexias de comunicación co público...) agás o de Curso básico en contratación pública na USC.

En relación ao ano anterior, os números son menores. Cómpre lembrar que en 2022 houbo que ofrecer formación ao persoal contratado mediante interinaxe como efectivos de investigación e de apoio á investigación, xa que tiña por diante un proceso de estabilización. Polo tanto, os datos de 2023 reflicten unha volta á normalidade, que dimensiona o importante esforzo de xestión do CFP en 2022. Con todo, hai un dato moi importante: a participación do persoal na oferta formativa está moito máis repartida, dado o número de persoas que participaron en, cando menos, unha actividade formativa.

Táboa 11. Comparativa de datos de formación de PTXAS nos anos 2022 e 2023

Conceptos	2022	2023
Actividades convocadas	99	76
Prazas ofertadas	2.651	2.090
Solicitudes recibidas	6.296	3.514
Solicitudes atendidas	2.874 (45,64%)	1.924 (54,7%)
Diplomas emitidos	2.521	1.652
Taxa de abandono	12,28%	14,14%
Cursos no Campus de Santiago	25	41
Cursos no Campus de Lugo	6	9
Cursos en liña	68	25
Persoas participantes en, como mínimo, unha actividade formativa	301	903 (72,35% do cadro de persoal)

a) Área de Formación Operativa

No ano 2023 realizáronse 69 actividades pertencentes a esta área, que abordaron 12 áreas temáticas diferentes. En relación ao ano 2022 tocáronse catro áreas temáticas máis.

Táboa 12. Número de cursos por áreas temáticas e por ano

Área temática	Nº de cursos en 2022	Nº de cursos en 2023
Apoio á investigación	4	6

Biblioteca	8	4
Calidade	3	1
Comunicación	0	4
Desenvolvemento sostible	0	3
Economía	0	5
Informática e novas tecnoloxías	43	24
Infraestruturas, urbanismo e mantemento	2	7
Lexislación	2	1
Lingua galega	4	3
Recursos humanos	0	3
Técnicas administrativas	1	1
Xénero e igualdade	2	1
TOTAL	69	64

Sen contar o curso obrigatorio para todo o persoal (o de Boas prácticas no uso da enerxía, no marco do Plan de mellora da eficiencia enerxética), recibíronse para estas actividades 3.049 solicitudes; foron admitidas 1.628 persoas e expedíronse 1.157 diplomas (846 de asistencia e 314 de aptitude).

Os detalles sobre os cursos desta área preséntanse no Anexo, clasificados tematicamente.

b) Área de Seguridade e Prevención de Riscos

Nesta área foron organizadas 10 actividades, que suman 33 horas. Ofrecíase un total de 369 prazas, para as cales houbo 465 solicitudes. Foron admitidas 296 persoas e diplomáronse 266 (261 de aptitude e 5 de asistencia).

c) Idiomas

A través da convocatoria do CLM financiáronse 31 matrículas para realizar cursos de idiomas, por un valor de 3.167,27€. A distribución por linguas foi a seguinte:

Táboa 13. Número de matrículas en cursos do CLM por linguas

Idioma	Francés	Inglés	Alemán	Portugués	Italiano
Núm. matrículas	6	15	2	6	2

d) Formación Externa

Durante o ano 2023, 19 persoas solicitaron permiso e financiamento para asistir a actividades de formación. Atendeuse a petición en 15 casos, cando a formación resultaba necesaria para o desempeño do seu posto de traballo.

3. Actividades formativas da Escola Galega de Administración Pública

A EGAP mantén un programa formativo específico dirixido ao PAS das tres universidades galegas, que deriva dun convenio anual que complementa a nosa oferta. A proposta da EGAP é conservadora en xeral ao longo dos anos, mantendo os cursos que conseguen unha valoración satisfactoria e dando a posibilidade de prescindir dalgún menos exitoso e de que as universidades propoñan 2-3 alternativas, que non necesariamente se engaden á oferta.

Ademais, resérvase unha porcentaxe de prazas en cursos doutros programas non específicos para as universidades, como Igualdade e violencia de Xénero, Portal de idiomas, Plan Ofimático ou Economía Pública.

As actividades formativas convocadas pola EGAP organízanse en dúas modalidades, segundo a forma en que se imparten:

- Actividades de teleformación e/ou presenciais, que contan con docente ou titor/ra.
- Actividades de autoformación, que ofrecen unha experiencia de formación totalmente autónoma, co complemento, voluntario, dunha proba de avaliación presencial que dá dereito a un diploma, en caso de superala.

Táboa 15. Participación do PTXAS da USC nos programas formativos da EGAP no ano 2023

Programa formativo	Diplomas	Satisfacción global
Programa formativo específico para o PAS das universidades	435	4,61
Portal de idiomas	76	4,77
Ofimática	110	4,71
Igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero	96	4,79
Instituto de Economía Pública de Galicia	36	4,48
Autoformación	437	4,39
Total	1.190	

Estas cifras reflicten un aumento importantísimo de participación do PTXAS da USC na formación ofertada pola EGAP, en relación a anos anteriores, especialmente na modalidade de autoformación:

Táboa 16. Participación do PTXAS nos programas formativos da EGAP nos últimos anos

Programa formativo	PTXAS-2023	PTXAS-2022	PTXAS-2021	PTXAS-2020	PTXAS-2019	PTXAS-2018
Programa formativo específico para o PAS das universidades	435	336	306	316	356	529
Portal de idiomas	76	47	76	60	64	-
Ofimática	110	35	85	84	76	-
Igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero	96	22	83	39	42	-
Instituto de Economía Pública de Galicia	36	0	0	0	0	-
Autoformación	437	133	239	119	154	198
Total	1.190	573	789	618	692	727

Na seguinte táboa reflíctese a asistencia e o grao de satisfacción global dos cursos do programa formativo específico para o PAS das universidades; como se verá, a satisfacción cos cursos é elevado, a práctica totalidade acadan unha puntuación mínima de 4 sobre 5.

Táboa 17. Actividades formativas do programa específico da EGAP dirixido ao PAS

Código	Actividade formativa	Modalidade	Diplomadas PTXAS	Satisfacción global
UN23001	Medio de linguaxe administrativa galega	Teleformación	9	4,7
UN23002	Superior de linguaxe administrativa galega	Teleformación	9	4,8
UN23003	A Lei da ciencia, a tecnoloxía e a innovación	Teleformación	37	4
UN23004	Os contratos do sector público		13	4,6
UN23005	Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das AAPP	Teleformación	17	4,3
UN23006	Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público	Teleformación Teleformación	6	5
UN23007	Revisión dos actos en vía administrativa	Teleformación	13	4,2
UN23008	A transformación e evolución do emprego público desde a Lei 2/2015	Teleformación	10	4,6

UN23009	Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia	Teleformación	11	4,6
UN23011	Organización e simplificación do traballo administrativo	Teleformación	37	3,8
UN23012	Básico en prevención de riscos laborais	Teleformación	19	4,5
UN23013	Como empregar metodoloxías áxiles no meu posto de traballo	Telepresenza	15	4,7
UN23014	Pensamento analítico e toma de decisións	Telepresenza	4	4,5
UN23015	Atención plena e xestión do estrés	Telepresenza	8	5
UN23016	Prevención e xestión de conflitos	Teleformación	14	4,9
UN23017	Técnicas efectivas para preparar presentacións	Teleformación	17	4,6
UN23018	Transparencia: acceso á información pública e publicidade activa	Teleformación	14	4,8
UN23019	Técnicas elementais de arquivos	Teleformación	11	4,6
UN23020	Boas prácticas ambientais nas administracións públicas	Teleformación	23	4,8
UN23021	Seguridade da información no ámbito das universidades públicas	Teleformación	37	4,6- 4,4
UN23022	Introdución á protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais	Teleformación	14	4,6
UN23023	Creación e edición de arquivos dixitais con Acrobat XI Pro	Teleformación	37	4,8
UN23024	Dixitalización de documentos	Teleformación	26	4,1
UN23025	Reutilización da información do sector público. Open Data	Teleformación	19	4,6
UN23026	A normativa do galego estándar: actualización gramatical, ortográfica e léxica	Teleformación Telepresenza	15	5
	Total		435	

4. Valoración dos usuarios e usuarias sobre as accións formativas

A avaliación das nosas accións formativas debe ter en conta as valoracións e opinións das persoas asistentes sobre diversos aspectos dos cursos, os cales se formulan en enquisas en liña que se lles achegan unha vez rematadas as actividades. A participación media nos cuestionarios correspondentes a 2022 foi do 50% das persoas convocadas. Houbo 7 accións formativas sen participación nas enquisas.

Para todos os ítems da enquisa as valoracións numéricas, nunha escala de 1 a 10 puntos, sitúanse maioritariamente entre 7 e 9, e en segundo lugar, entre 9 e 10.

Cómpre fixarse e analizar os casos da puntuacións máis baixas, xa que a Estratexia de Formación 2023-2026 establece que “as actividades formativas deberán alcanzar unha puntuación mínima en canto á satisfacción global por parte do seu alumnado de 7 puntos sobre 10; por debaixo desta puntuación o CFP comprométese a revisar o deseño desa actividade”.


A seguir presentamos as valoracións numéricas ordenadas en bloques temáticos.

Bloque 1. Organización

Forman parte del as respostas ás preguntas:

- Información previa recibida do curso
- Adecuación da duración do curso aos contidos
- Horarios
- Número de alumnos/as axeitado para a aprendizaxe
- Aulas e instalacións

Gráfica 8. Valoración da organización da formación de PTXAS por dos ítems. Datos en porcentaxes de respostas




Bloque 2. Obxectivos/Contidos

Os ítems valorados que pertencen a este bloque son:

- Consegúronse os obxectivos do curso?
- Os contidos satisfíxeron as miñas necesidades de formación
- Adquirín os coñecementos previstos segundo os obxectivos propostos

Gráfica 9. Valoración dos ítems do bloque de valoración de contidos e obxectivos. Datos en porcentaxes de respostas




Bloque 3. Percepción da aprendizaxe

Este bloque agrupa os ítems:

- Paréceme axeitado o contido teórico do curso.
- Paréceme axeitado o contido práctico do curso.
- Cumpríronse as miñas expectativas de aprendizaxe.
- Nivel de adaptación do curso ás miñas necesidades.


Gráfica 10. Valoración da percepción da aprendizaxe por ítems. Datos en porcentaxes de respostas



Bloque 4. Satisfacción global

O valor medio de satisfacción global cos cursos é de **8,51**, e a distribución por abanos de puntuación reflíctese na seguinte gráfica.

Gráfica 11. Valoración da satisfacción global coas actividades de formación de PTXAS do ano 2023. Datos en porcentaxes de respostas



Houbo dúas actividades valoradas con 10, que son accións formativas da CIXUG, cun número moi reducido de prazas.

Trinta e tres actividades son valoradas con 9 ou máis puntos. Destacan, pola reiteración nas súas valoracións en sucesivas edicións, os cursos:

- TRABALLO EN EQUIPO, COMO CREALOS E REFORZAR A SÚA COHESIÓN, nas súas dúas edicións deste ano, impartidas polo profesor Jose Luis Pastoriza⁸
- XESTIÓN DE TAREFAS E PLANS DE TRABALLO EN EQUIPO CON MICROSOFT 365, de Alejandro Nieto Lareo
- DEREITOS E DEBERES LINGÜÍSTICOS NA USC. O REGULAMENTO DE USOS LINGÜÍSTICOS, impartido por Manuel Núñez Singala
- FERRAMENTAS BÁSICAS DE OFFICE 365 PARA O TRABALLO COLABORATIVO, de Luis Martínez Sobrino

Tamén salienta a alta valoración dos cursos destinados a persoal de apoio á investigación, cuxa puntuación mínima é un 8,93.

Dez do total de 64 cursos non chegaron a unha puntuación de 7, o valor mínimo que establece Estratexia de Formación, e por debaixo da cal se debe revisar o seu deseño. Ao consultar as valoracións que as persoas que


⁸ A mellor valoración, un 9,88 corresponde á edición de asistencia obrigatoria para os xestores académicos dos centros, que xerou protestas na súa convocatoria.

cobren a enquisa poden facer sobre os aspectos mellorables da actividade atopamos o seguinte:

- 23FOB072. OBRADOIRO DE ANALYTICS EN ALMA. As persoas asistentes consideran que debería desagregarse en dous niveis e mellorar a metodoloxía, especialmente na práctica.
- 23FOE003. CURSO BÁSICO EN XESTIÓN ORZAMENTARIA NA USC E NO USO DE SICUS. Botan en falta, fundamentalmente, máis práctica coa ferramenta SICUS.
- 23FOE007. CURSO BÁSICO DE FORMACIÓN ANTI-FRAUDE. Ademais de incidiren na calidade do son, din precisar máis práctica e concreción nos casos presentados.
- 23FOE037. INTRODUCCIÓN A ACCESS E EXCEL ORIENTADO Á ÁREA ECONÓMICA. Requiren documentos de apoio e maior duración para estes contidos.
- 23FOI022. CREACIÓN E TRATAMENTO DE IMAXES E FOTOGRAFÍAS CON GIMP. Os tres comentarios a este curso da CIXUG son pouco relevantes e dispares.
- 23FOI032. O XESTOR DE EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN PLATION NA USC. Dos tres comentarios, o máis relevante semella o de cambiar o perfil do profesor (en vez do informático, un xestor de contratación).
- 23FOI047. MICROSOFT 365. O único comentario propón maior profundidade.
- 23FOI048. XESTIÓN DA WEB E DA INTRANET DE CENTROS E DEPARTAMENTOS. Solicitan presencialidade, mellorar o manual de apoio para incluír a información dos diferentes pasos a dar, e facelo máis práctico e convertelo en curso de aptitude.
- 23SPS010. PREVENCIÓN DE RISCOS NO TELETRABALLO. Non indican nada.
- 23SPS013. PREVENCIÓN DE RISCOS NOS PUNTOS DE ATENCIÓN, INFORMACIÓN E SERVIZOS (PAIS). Quéixanse dos medios técnicos e solicitan maior duración para os contidos.

As puntuacións da maioría dos cursos vense referendadas polas respostas á pregunta de se lle recomendaría a outros compañeiros/as que se matriculasen neste curso. Máis da metade dos cursos son recomendados polo 100% dos asistentes e ningún curso é recomendado por menos da metade das persoas participantes.

Gráfica 12. Número de cursos de PTXAS segundo a porcentaxe de asistentes que lles recomendarían facer o curso ás súas compañeiras/os. Ano 2023



Entre os cursos menos recomendados (por menos do 75% dos participantes) atópanse sete dos cursos peor


valorados en canto á satisfacción global, mais tamén un curso puntuado con 8.

5. Valoración dos usuarios e usuarias sobre o profesorado dos cursos

Amosamos a continuación a puntuación media obtida polo profesorado das accións formativas, que son maioritariamente impartidas por persoal da Universidade. Os resultados son moi satisfactorios pois as cualificacións obtidas amosan que o 95'8% obtivo unha valoración moi destacada salientando que o 57,1% acadaron unha nota de sobresaliente no seu papel de docente e un 38,7%, un notable. En ningún caso se acadou unha valoración inferior a 5.

Non é sorprendente pero convén recordar que adoita haber unha relación directa entre a cualificación do profesorado e o nivel de satisfacción da acción formativa. Tamén comprobamos que se a actividade está moi enfocada nos seus contidos e desenvolvemento aás necesidades dos destinatarios, a satisfacción aumenta. O papel dos distintos responsables para detectar as necesidades e colaborar no deseño e execución da acción formativa e do Plan de formación é fundamental para acadar bos resultados.

Gráfica 13. Valoración global co profesorado dos cursos de PTXAS do ano 2023



6. Custo das actividades formativas

Non se trata de custo en sentido contable e estrito pois só se ten en conta o aboamento da docencia e axudas de custo imprescindibles por traslado entre campus. Non se repercute ningún outro gasto. Con esta premisa, mostramos a relación de aboamentos que supuxo cada actividade formativa.

A impartición de actividades formativas para o PAS retribúese segundo os seguintes conceptos, establecidos no Anexo correspondente ao Regulamento de formación de PAS:

- Impartición de docencia (tele)presencial: 90€/h na primeira edición, 45€/h nas seguintes
- Autoformación (textos de 2.800 palabras): 45 €/h
- Teleformación: 45€/h + titorización
- Titorización: síncrona 15€/ h, asíncrona 5€/día + (20% alumnos x núm. temas)
- Avaliación: enunciado 5-7€; corrección: entre 3 e 8€ por proba (pregunta, caso práctico...) dependendo da complexidade

- Apoio a procesos selectivos: 10€/ tema + avaliación + titorización

Cómpre aclarar que os cursos con custo cero corresponden a actividades compartidas con outras unidades ou servizos (PFID, OIX, SNL, SPIU...) que contan con financiamento externo ou a actividades ao abeiro da prestación do servizo correspondente (CIXUG, Quirón).

Táboa 18. Detalle dos custos do Plan de formación para o PTXAS 2023

CÓDIGO	Nome curso	DOCENTE(S)/EMPRESA	IMPORTE
23FON001	Realidade virtual-realidade aumentada	Roi Méndez Fernández	1350,00
23FOE003	Xestión orzamentaria na USC e no uso de Sicus	María José Villaverde Gómez, Elsa Mosquera, M.A. López Quián, Minia García Angulo, X.A. Freire Ramos	2790,00
23FOE004	Curso básico en contratación pública na USC	Xosé Delfín Pérez González	720,00
23FOG005	Galego seguro	Manuel Bermúdez Blanco	270,00
23FOU006	Boas prácticas no uso da enerxía	José Manuel Maneiro Calvo	45,00
23FOE007	Curso básico de formación anti-fraude	Mª José Villaverde Gómez	180,00
23SPS008	Formación de acollida en centros con certificación ISO 45001	José Antonio Grande Carro	0,00
23FOI009	Curso de xestión de tarefas e plans de traballo en equipo con Microsoft 365	Alejandro Nieto Lareo	1260,00
23FOG011	Dereitos e deberes lingüísticos. O Regulamento de usos lingüísticos	Manuel Núñez Singala, Manuel Bermúdez Blanco	270,00
23FOM012	Sensibilización en materia de igualdade	Quirón	0,00
23SPS013	Prevenção de riscos nos puntos de atención, información e servizos	Quirón	0,00
23FOI014	OMP 3.1.2.4.: novas funcionalidades	Natalia Villar Conde	450,00
23FOE015	Xestión da información tributaria para a xestión de axudas (actualización)	Remedios Vázquez Gil	900,00
23FOCO16	Narración oral	Beatriz Campos/Migallas	300,00
23SPS017	Prevenção de riscos nos puntos de atención, información e servizos (lugo)	Germán Alonso Veiga	0,00
23FOI021	Creación de infografías e deseños vectoriais	CIXUG	0,00
23FOI022	Creación e tratamento de imaxes e fotografías con Gimp	CIXUG	0,00

23FOI023	Trucos e boas prácticas na elaboración de documentos dixitais	CIXUG	0,00
23FOI024	Actualización na aplicación de xestión de concursos de PDI	Daniel Riveira Ruanova	900,00
23FOCO25	Estratexias para a comunicación co público	Reverso Comunicación	1275,00
23FOB026	Publicacións seriadas en ALMA	Ana Calvo Carballeira	180,00
23SPS027	Primeiros auxilios para equipos de emerxencia	Pablo Gacio Corujo (SVS)	0,00
23FOI028	Intune	HSI	3968,00
23FOI029	Microsoft defender para Intune	HSI	
23FOB030	Xestión de recursos en ALMA	Mercedes Neira Díaz, Nieves Rodríguez Diez	405,00
23FODS31	Semana galega da cooperación universitaria para o desenvolvemento	Varios relatores	0,00
23FOI032	O xestor de expedientes de contratación Plation na USC	Manuel Rodríguez Salgado	1350,00
23FODS33	A metodoloxía do enfoque de marco lóxico_ eml_ aplicada aos proxectos ...	Esther Rodríguez López, Virginia Romero Sobral	0,00
23FOI034	Trucos e boas prácticas na elaboración de documentos dixitais	CIXUG	0,00
23FOI035	LibreOffice Calc avanzado	CIXUG	0,00
23FOAP36	Curso práctico de realización de técnica de necropsia e toma de mostras	Ana María Bravo Moral	360,00
23FOE037	Introdución a Access e Excel orientado á área económica	X. A. Freire Ramos, M.A. López Quián	2160,00
23FOI038	O estándar Jats na edición de revistas académicas	José Enrique Quintáns Míguez	450,00
23SPS039	RCP básica e primeiros auxilios en traballos ao aire libre	Pablo Gacio Corujo	0,00
23SPS040	Riscos laborais de hixiene industrial nos laboratorios	Marta Vázquez (Quirón Prevencion)	0,00
23FOI041	Ms-900 Microsoft 365 fundamentals	CIXUG	0,00
23FOAP42	Estudos de comportamento e probas de conduta en roedores e lagomorfos	José Luis Pardo Vázquez	360,00
23FOX043	Curso de inglés nivel A1/A2 para a atención ao público	Lorca Institute	3000,00
23FOX044	Curso de inglés nivel A1/A2 para a atención ao público	Total English School	1485,00
23FOCO45	Obradoiro sobre inclusión educativa e accesibilidade documental	Javier Agrafojo e Pablo Vilariño	0,00

23FOI047	Microsoft 365	CIXUG	0,00
23FOI048	Xestión da web e da intranet de centros e departamentos	Pedro J Rey Sanchiz	270,00
23FOH049	O traballo en equipo. Como crealos e reforzar a súa cohesión	Xosé Luis Pastoriza Rozas e Sandra Rodríguez Couso	1800,00
23FON050	Protocolos de transmisión de vídeo e audio con NDI e Dante	Fernando Alfonsín, Jesús Ramallo, Antonio P. Casas	900,00
23SPS051	Integración da prevención	Carmen Ameijeiras (Quirón)	0,00
23FOAP52	Caracterización de materiais mediante microtomografía computerizada	Luis Antonio Díaz Gómez	2250,00
23FOI54	Az-900 Microsoft Azure fundamentals	CIXUG	0,00
23FOL055	Propiedade intelectual e dereitos de autor no ámbito dixital e de acceso aberto	Ángel García Vidal	900,00
23FOC056	A análise CAME na norma ISO 9001	Analía López Carballeira	450,00
23SPS057	Como xestionar situacións de risco psicolóxico do alumnado nas aulas	Pilar Bárcena, Sara Purcell, Ana López	0,00
23FOI058	Xestión da web e da intranet de servizos	Pedro J Rey Sanchiz	135,00
23SPS059	Formación básica en prevención de riscos laborais	Juan Oreiro	180,00
23FOAP60	Promoción, comercialización e contratación no eido da investigación	Emilio Martínez Rivas, Eva Fabeiro Buceta, Laura Martínez Rey	1080,00
23FOG061	Dereitos e deberes lingüísticos na USC. O Regulamento de usos lingüísticos	Manuel Singala e Manuel Bermúdez (SNL)	202,50
23FOI062	Uso de Excel nas unidades de xestión de centros e departamentos	Alfonso Rodríguez Sandiás	900,00
23FODS63	Como introducir os ODS na xestión universitaria	Silvana Longueira Mato, Consuelo Iriarte Campo	0,00
23FON064	Iniciación á intelixencia artificial (Santiago)	Senén Barro Ameneiro	0,00
23FON065	Iniciación á intelixencia artificial (Lugo)	Senén Barro Ameneiro	0,00
23FOH066	O traballo en equipo. Como crealos e reforzar a súa cohesión (2ª ed)	Xosé Luis Pastoriza Rozas e Sandra Rodríguez Couso	900,00
23FOB067	Formación para formadores en competencias en información da BUSC	Isabel Sempere, María Cana, M del Mar Rego, A. Nieto	1935,00
23FOH068	Xornada conciliar estudos e deporte na USC: presente e futuro a debate	Varios relatores	0,00

23FOU069	Prestación das contratas de mantemento da USC (quenda de mañá)	T. Lamela Formoso, M. Folgar, Ángel Carrillo	270,00
23FOU070	Prestación das contratas de mantemento da USC (quenda de tarde)	T. Lamela Formoso, M. Folgar, Ángel Carrillo	135,00
23FOU071	Prestación das contratas de mantemento da USC (Lugo)	T. Lamela Formoso, M. Folgar, Ángel Carrillo	135,00
23FOB072	Obradoiro de Analytics en alma	José Ángel Maestro Cano	1080,00
23FOU073	Protocolos de actuación ante incidencias de mantemento de infraestruturas (edificios, equipos electrónicos e de investigación) (quenda de mañá)	T. Lamela Formoso, M. Folgar, Ángel Carrillo	270,00
23FOU074	Protocolos de actuación ante incidencias de mantemento de infraestruturas (edificios, equipos electrónicos e de investigación) (quenda de tarde)	T. Lamela Formoso, M. Folgar, Ángel Carrillo	135,00
23FOU075	Protocolos de actuación ante incidencias de mantemento de infraestruturas (edificios, equipos electrónicos e de investigación) Lugo	T. Lamela Formoso, M. Folgar, Ángel Carrillo	135,00
23FOAP76	Bioinformática e análise estatística de recursos obtidos de bases de datos ómicas	Alberto Molares Vila	1350,00
23FOAP77	O peixe ceбра: bioloxía, reprodución, mantemento e principais patoloxías	Juan Ramos Blasco	900,00
	Total		25.882,5

A este importe cómpre engadirlle o custo da formación externa:

Táboa 19. Formación externa

ENTIDADE FORMATIVA	CURSO	ASISTENTES	IMPORTE
Arvo Consultores	Administración DSPACE 7	1	242,00
ACLES	Diseño y validación de escalas para la evaluación de pruebas orales y escritas	2	180,00
USC	Curso de actualización práctico de IRPF	1	317,50
SEDIC	Valoración e selección de documentos en entornos híbridos	5	75,00
Bruker	Curso de espectroscopía FTIR	1	484,00
Animalaria formación	Curso mantemento da capacitación en experimentación animal (función C)	1	450,00

EOI de Madrid - Jesús Maestro	Curso de árabe A1	1	269,00
XiaLab Analytics Inc.	Omics Data Science Course (metabolomics)	3	479,46
TOTAL FORMACIÓN EXTERNA		15	2.496,96

Táboa 21. Investimento total no Plan de formación de PTXAS

Tipo de formación	Importe
Cursos de formación	25.882,5
Financiamento de cursos de linguas no CLM	3.167,27
Formación externa	2.496,96
TOTAL PLAN FORMACIÓN PTXAS	31.546,73

PROGRAMA DE DIRECCIÓN E LIDERADO

O programa formativo en Dirección e Liderado estreouse en 2023 con dous cursos: o I Curso sobre a función directiva na USC e o Curso introdutorio sobre a función directiva para cargos académicos. O custo deste programa formativo ascendeu a 12.095,52€.

1. Curso sobre a función directiva na USC

Aínda que o curso foi convocado e comezou a súa andaina en 2022, o I Curso sobre a función directiva na USC desenvolveuse principalmente e rematou en 2023. Viña esixido, tal e como recolle a súa convocatoria, pola necesidade de completar os coñecementos e perfeccionar as competencias e habilidades do colectivo de empregados da USC que ocupan ou poidan ocupar postos directivos na institución”, de acordo co Regulamento do Persoal Directivo Profesional da Universidade de Santiago de Compostela, que establece no seu artigo 6.3 a necesidade, para o acceso á condición de persoal directivo, de que as persoas aspirantes acrediten competencias directivas, entendendo por estas, entre outros supostos, “a) Estar en posesión da certificación acreditativa de ter superado un curso de formación sobre o desenvolvemento da función directiva impartido pola Universidade de Santiago de Compostela ou por centros de formación acreditados doutras Administracións públicas.”

O curso pretende fornecer as persoas destinatarias dos coñecementos, habilidades e actitudes necesarias para despregar ao máximo as súas potencialidades directivas, así como fomentar o intercambio de coñecementos e experiencias, así como potenciar a cultura do público e o compromiso ético dos potenciais xestores de alto nivel da USC.

A súa convocatoria publicouse no taboleiro da Sede Electrónica a USC o 10 de novembro de 2022⁹. Constaba dunha carga lectiva de 300 horas, repartidas entre sesións presenciais semanais de 4 horas en horario de tarde e que se desenvolveron entre o 29 de novembro e o 27 de xuño, e tempo para lecturas escollidas sobre as diversas materias e realización de traballos de carácter práctico. O curso rematou o 15 de xullo e o 20 de xullo publicouse a relación das persoas aptas no taboleiro da Sede Electrónica.

O programa académico e o profesorado encargado de impartilo é o seguinte:

⁹ Vid. <https://sede.usc.es/sede/publica/taboleiro/verAnuncioPublicable/120760/carga.htm>

Táboa 22. Programa académico e cadro docente do I Curso sobre a función directiva na USC

Módulo	Materias	Contidos	Total horas	Profesorado
Módulo 1. Introdución (10 h)	0. Papel da universidade pública	O papel das administracións públicas nas contornas VUCA e BANI: o liderado institucional. O lugar das universidades públicas no mundo actual. Dirección pública para impulsar a universidade do futuro	10	Manuel Arenilla Universidad Rey Juan Carlos
MÓDULO 2. O marco para a dirección e a xestión pública na USC (130 h)	1. Principios e valores	Principios e valores da Administración pública e da USC. Ética pública e integridade institucional. Transparencia e rendición de contas. Protección de datos persoais	10	Rafael Jimenez Asensio Xurista, formador e consultor
	2. A xestión da administración	A xestión da administración pública e a creación de valor público. A orientación á cidadanía. Racionalización e simplificación administrativa. A administración electrónica.	30	Alba Nogueira Lopez Universidade de Santiago de Compostela
	3. A xestión e planificación de recursos humanos	Estratexia e xestión de persoal. Postos de traballo, competencias profesionais e rendemento.	30	Oscar Briones Universidade de Vigo
	4. Compromiso social	Compromiso social da USC. Responsabilidade social corporativa. Sustentabilidade económica e ambiental. A Axenda 2030. Impulso á igualdade e á inclusión social. Política lingüística.	30	Silvana Longueira Alba Alonso Manuel N. Singala Universidade de Santiago de Compostela
	5. A xestión económica	A xestión económica. Financiamento da Universidade, sustentabilidade e crise económica. Orzamento e contratación como instrumentos básicos de xestión económica. Contratación estratéxica e responsable. Contabilidade analítica. A xestión económica e a investigación. O control da xestión económica.	30	Manuel Fernández Jáuregui SERGAS
